

#### 4. *Fomento del euskara*

En este apartado de iniciativas públicas de fomento del euskara (fuera del ámbito educativo, que las hemos incluido en el apartado segundo) hemos de reseñar la Orden de 28 de mayo de 1993 del consejero de Cultura (BOPV núm. 187, del 30 de septiembre) por la que se regula la concesión de ayudas a libros editados en euskara mediante compra de ejemplares para su posterior distribución como donación de fondos a las bibliotecas del sistema nacional de la Comunidad Autónoma Vasca. Las ayudas van dirigidas a los editores, sean personas jurídicas o físicas.

Por último, la Resolución de 5 de noviembre de 1993 del secretario de la Presidencia —cargo asimilado a consejero— (BOPV núm. 223 del 18 de noviembre) convoca diez becas de la Secretaría General de Política Lingüística para la elaboración de estudios en el área del *status* del euskara. Estos son los temas que la Resolución especifica como objeto de investigación: transmisión de la lengua en familias con hijos menores de diez años; análisis y evaluación de programas de promoción del uso del euskara en diferentes ámbitos (actividades extraescolares, en el sector terciario, en la publicidad, en las relaciones orales con las administraciones, etc.); recopilación y análisis de los estudios sociolingüísticos realizados en los últimos treinta años; asociaciones locales de promoción del euskara: directorio, características, su aportación a la normalización del uso del euskara; las redes sociales y el uso del euskara; influencia de la vitalidad etnolingüística en el uso del euskara; estudio general o puntual de diversas experiencias de planificación lingüística; infraestructura de los servicios municipales de euskara en la CAV y descripción general de los proyectos en curso.

#### I.4. GALICIA

XOSÉ GONZÁLEZ MARTÍNEZ

Xefe do Servizo de Normalización Lingüística  
do Concello de Redondela

#### *Consellería da Presidencia e Administración Pública*

*Orde do 1 de marzo de 1993 pola que se convocan os cursos básicos e medio de linguaxe administrativa galega para o cadro de persoal das corporacións locais (DOG núm. 89).*

O preàmbulo desta orde xustifícase co cumprimento do que dispón o artigo 5.1 do Estatuto de autonomía de Galicia ó afirmar que a lingua propia de Galicia é o galego. Aseveracións que o artigo 4.1. da Lei de Normalización Lingüística matiza ó establecer que «é lingua oficial das institucións da Comunidade Autónoma, da súa Administración, da Administración local e das entidades públicas dependentes da Comunidade Autónoma».

Asemade, a Lei 5/1988, do 21 de xuño, do uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais, no seu artigo 1.º dispón: «As convocatorias de sesións, ordes do día, votos particulares, propostas de acordo, dictames das comisións informativas e actas das entidades locais de Galicia, redactaranse en lingua galega».

En virtude de todas estas disposicións legais convócanse dez cursos de nivel medio para o cadro de persoal dos concellos e deputacións, e outros dez máis de nivel básico para o cadro de persoal dos concellos e deputacións, tamén. Os cursos terán unha duración de 75 horas, nas que se inclúen: fase teórica, fase práctica, seminarios e todo tipo de actividades.

*Orde do 2 de marzo de 1993 pola que se regula a concesión de axudas ós concellos para a normalización lingüística dos rótulos existentes nas casas dos concellos, xulgados de paz e instalacións das policía (DOG núm. 93).*

Esta Consellería considera conveniente arbitrar as medidas e procedementos económico-administrativos necesarios que fagan posible a concesión de subvencións a aquelas corporacións locais de Galicia que contribúan á normalización lingüística. Terán preferencia para obter estas subvencións aquelas corporacións que solicitaran a dita subvención no ano 1992 e non lle fose concedida. A porcentaxe máxima que poderá alcanzar a axuda económica é do 75 % do total do presuposto presentado.

*Orde do 4 de marzo de 1993 pola que se regula a concesión de subvencións ás corporacións locais de Galicia para a normalización da lingua galega (DOG núm. 108).*

Dentro dos obxectivos de normalización lingüística na Administración local comprendidos na Lei 5/1988, están os mencionados no seu artigo 1.º: «As convocatorias de sesións, ordes do día, votos particulares, propostas de acordo, dictames das comisións informativas e actas das entidades locais de Galicia, redactaranse en lingua galega»; no seu artigo 2.º.1: «Correspóndelle á Xunta de Galicia o impulso do proceso de incorporación da lingua galega na Administración local, moi especialmente a través de programas de formación de funcionarios en lingua galega; e no punto

2.2.: «Sen prexuízo do anterior, a Xunta de Galicia adoptará as medidas oportunas para que nos concursos de acceso de funcionarios á Administración local se garanta o coñecemento da lingua galega».

Considera a Consellería, admitindo o feito de que os diversos concellos galegos nunca poderán considerar normalizados mentres non dispoñan de funcionarios propios que permitan o cumprimento e desenvolvemento da Lei 5/1988, a Dirección Xeral de Xustiza e Relacións coas Corporacións Locais considera como obxectivo prioritario continuar formando funcionarios municipais. E ademáis, conceder subvencións ós concellos para o mantemento dos servizos municipais de Normalización Lingüística xa existentes e para a creación de novos servizos municipais de Normalización Lingüística, así como a compra de material bibliográfico, didáctico e/ou de apoio para o Servizo de Normalización Lingüística e campañas organizadas polas corporacións locais para a normalización, promoción e uso da lingua galega nos diferentes ámbitos da vida pública.

Os Servizos Municipais de Normalización Lingüística deben cumprir a seguinte misión:

a) Velar porque sexa aplicada a Lei de normalización lingüística de Galicia no ámbito de actuación do concello correspondente, así como a Lei de uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais. As accións máis salientables serán: confección en galego de actas, edictos, convocatorias de sesións, ordes do día, dictámes das comisións informativas, mocións, etc. e dispoñer de tódolos impresos oficiais en lingua galega.

b) Ofrecerlle ó público asesoramento lingüístico para a corrección de textos galegos e para a súa tradución, se fose posible. Deben estimular ós comerciantes, asociacións e outros colectivos para que fagan os seus escritos en galego.

c) Impulsa-la normalización do galego en diferentes ámbitos da vida pública.

*Orde do 12 de maio de 1993 pola que se regula a concesión de subvencións ás corporacións locais encamiñadas á dotación de equipos para o desenvolvemento dos medios de comunicación municipais (DOG núm. 96).*

Esta Orde, da Consellería da Presidencia, pero con cargo ós presupostos da súa Secretaría Xeral de Comunicación, ten como finalidade darlle ás corporacións locais cobertura radiofónica de carácter local que facilite ós cidadáns uns medios de comunicación que amplien o marco da pluralidade informativa.

O artigo 4.º ós especifica-los criterios que se terán en conta para outorga-las subvencións convocadas, estima como fundamental «o fomento dos valores e da identidade cultural e social de Galicia e, en especial, o emprego do galego na programación».

*Orde do 19 de maio de 1993 pola que se anuncia a concesión de axudas económicas a empresas xornalísticas e de radiodifusión (DOG núm. 106).*

Dáse cumprimento ó disposto no Decreto 417/1990, do 31 de xullo (DOG núm. 157, do 10-8-1990), polo que se regulan as axudas para empresas xornalísticas e de radiodifusión.

O artigo 4.º esixelle ás empresas xornalísticas, para ter dereito á subvención, que na Memoria se consigne o número de traballos ou artigos escritos en lingua galega durante o mesmo período e porcentaxe de publicacións, informacións ou emisións encamiñadas á normalización da lingua galega e difusión da identidade e cultura de Galicia.

Idéntico criterio rexe para as empresas de radiodifusión que terán que especificar que parte da programación se realiza en lingua galega.

En todo caso, a valoración das solicitudes presentadas basearase nos seguintes criterios: a) Uso da lingua galega, e d) Porcentaxe de publicacións, informacións ou emisións encamiñadas á normalización da lingua galega e difusión da identidade e cultura de Galicia.

### *Consellería de Educación e Ordenación Universitaria*

*Decreto 25/1993, do 11 de febreiro, polo que se crea o Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro e se regula o seu funcionamento (DOC núm. 34).*

No Preámbulo do Decreto dise que «Galicia necesita cada vez máis poñer a disposición estudos de fundamentación e investigacións filolóxicas, literarias e antropolóxicas que poidan servir de información e formación do pobo en xeral e do seu persoal especialista ou interesado. Os obxectivos principais destas actividade són:

— O estudio filolóxico e a conservación das fontes lingüísticas, literarias e antropolóxicas que, unha vez dixitalizadas e deseñados os programas informáticos, permitirán unha investigación profunda da nosa historia lingüística e literaria.

— A difusión dos traballos lingüísticos por medio dun servizo de in-

formación ó público e de publicacións das fontes en soporte informático ou audiovisual, edicións críticas, libros, folletos, etc.».

Son moitas as funcións do Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro:

- a) Ofertar actividades de formación lingüística, literaria, histórica e antropolóxica de Galicia.
- b) Desenvolver programas e proxectos de investigación lingüísticos, literarios, históricos e antropolóxicos.
- c) Difundi-los fondos documentais existentes ou referidos á nosa Comunidade Autónoma.
- d) Conservar e estudia-las fontes galegas documentais, lingüísticas, literarias e antropolóxicas.
- e) Preparar e publicar materiais de divulgación, correspondente ós programas, proxectos e actividades mencionadas.
- f) Prestar servizo e referencia para antropólogos e teóricos da lingua, a literatura, a historia e a antropoloxía galegas.
- g) Documentar, informatizar e dar soporte bibliográfico ás investigacións lingüísticas, literarias, históricas e antropolóxicas.
- h) Servir de lugar de conexión e relación para os estudos que se fagan en Galicia e noutras comunidades.
- i) Colaborar con centros e institucións académicas nos seus traballos.
- k) Proponer á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a celebración de convenios e concertos con institucións públicas e privadas.
- l) Calquera outra iniciativa e acción tendentes á consecución dos obxectivos que se lle atribúen.

O artigo 4 do Decreto establece a composición da Comisión Rectora, que terá as seguintes funcións:

- 1) Supervisa-lo Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro nos seus temas específicos.
- 2) Emitir informes sobre o regulamento de réxime interno e, se é o caso, sobre as propostas de proxectos e de programas de investigación, formación e divulgación.
- 3) Estudia-lo plan xeral anual de actividades do centro.
- 4) Coñece-la memoria anual de actividades elaborada polo coordinador científico do centro.

E, para rematar, o artigo sinala cales serán as fontes de financiación deste Centro, que se fará con cargo ós presupostos do servizo 0.5 (Dirección Xeral de Política Lingüística) da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

*Orde do 11 de xaneiro de 1993 pola que se regula a concesión de subvencións a entidades e empresas privadas para accións de promoción da lingua galega (DOG núm. 41).*

Partese do suposto evidenciado de que as empresas privadas, pola súa incidencia e implantación territorial e social, constitúen un posible instrumento normalizador. E neste sentido a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria entende que as empresas privadas teñen un papel que desenvolver no impulso do proceso normalizador. Para tal fin destina a Consellería «unha cantidade total máxima de cento cincuenta millóns de pesetas».

As subvencións concederanse para os seguintes sectores de actividade, por orde de prioridade:

- a.1. Asesoramento lingüístico da empresa.
- a.2. Formación do persoal da empresa.
- a.3. Promoción do uso do galego entre os membros da empresa.

Asemade, subvencionase a rotulación interna e externa de carácter permanente das empresas ou asociacións e a utilización da lingua galega na documentación e servizos ó público das empresas ou asociacións.

*Orde do 13 de xaneiro de 1993 pola que se regula a concesión de subvencións a xornais e revistas galegas para a edición de suplementos de ensino e promoción da lingua galega (DOG núm. 47).*

Establecense os procedementos de cooperación con estes medios de comunicación, de tal forma que aqueles xornais ou revistas galegos de empresas editoriais, non institucionais, que empreguen o galego nos seus suplementos de ensino poidan acceder ás subvencións reguladas pola presente convocatoria.

*Orde do 19 de xaneiro de 1993 pola que se regula a concesión de subvencións a entidades e institucións sen fin de lucro para a realización de cursos e doutras actividades formativas de lingua galega (DOG núm. 40).*

A estas subvencións poderán acceder as entidades e institucións sen fin de lucro, legalmente constituídas, que, aténdose ás condicións da pre-

sente orde, organicen e realicen de forma absolutamente gratuíta cursos e outras actividades formativas de lingua galega.

Para evitar conflitos orixinados noutras convocatorias por mor da actitude dalgúns profesores que impartían as súas clases nunha norma distinta da oficial, a Orde no seu artigo, 7, establece que «estes cursos e actividades formativas realizaranse en galego, segundo o establecido na lexislación vixente (Decreto 173/1982, do 17 de novembro).

*Orde do 20 de xaneiro de 1993 pola que regula a concesión de subvencións a asociacións e institucións sen fins de lucro para a realización de actividades de promoción da lingua galega (DOG núm. 40).*

A Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística da Xunta de Galicia, e co ánimo de que as asociacións e institucións sens fins de lucro legalmente constituídas en Galicia, ou fóra dela, poidan realizar actividade, desenvolver proxectos e organizar actuacións, como congresos e simposios, que promocionen e difundan a nosa lingua, convoca subvencións para esta finalidade.

*Orde do 28 de xaneiro de 1993 pola que se convocan cursos de formación en lingua galega, niveis de iniciación e perfeccionamento, para diversos colectivos da provincia de Pontevedra.*

Ó abeiro do disposto na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, sobre a normalización da lingua galega nos distintos sectores da sociedade galega, convócanse cursos de formación en distintos centros públicos e entidades privadas de Galicia.

*Orde do 10 de febreiro de 1993 pola que se convocan cursos de formación en lingua galega, niveis de iniciación e perfeccionamento, para diversos colectivos de provincia da Coruña (DOG núm. 40).*

A Orde desenvolve a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, sobre a normalización da lingua galega nos distintos sectores da sociedade galega. Os cursos de lingua que se programan teñen destinatarios ben distintos: empresas, amas de casa, asociacións culturais, hospitais, xulgados, etc. Os cursos terán unha duración de 60 horas teóricas e de 15 prácticas.

*Orde do 18 de maio de 1993 pola que se convocan cursos de formación en lingua e cultura galegas para emigrantes de orixe galega e persoas interesadas no feito social de Galicia.*

Desenvolve esta Orde a Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento

da galeguidade, que dispón no artigo 7.º, apartado 2.º, que se lles facilitará ás comunidades galegas a organización de cursos de lingua e culturas galegas.

Autorízase a celebración de cursos de formación en lingua e cultura galegas, niveis de iniciación e de perfeccionamento, para os centros e grupos culturais radicados no territorio do Estado, do continente europeo e do americano.

Non se fai mención en ningún articulado desta Orde á contía orzamentaria destinada a esta finalidade.

## I.5. PAÍS VALENCIÀ

Ernest GONZÀLEZ I FABRA

Tècnic de la Generalitat Valenciana

Cal apuntar, prèviament, que el Decret 83/1993, de 12 de juliol (DOGV núm. 2066, de 13 de juliol), del president de la Generalitat Valenciana, ha separat la Conselleria de Cultura, Educació i Ciència en dues de noves, anomenades de Cultura i d'Educació i Ciència. El Decret 23/1993, de 12 de juliol (DOGV núm. 2066, de 13 de juliol), del president de la Generalitat Valenciana, pel qual s'assigna competències a aquestes noves conselleries, preveu, per a la d'Educació i Ciència, les d'educació en tots els nivells, investigació i política lingüística. Tenint en compte que la competència sobre l'extensió de la llengua catalana en l'ensenyament correspon a la Conselleria d'Educació i Ciència, és sorprenent que la Direcció General de Política Lingüística no forme part del Departament de Cultura. El Decret 114/1993, de 26 de juliol, del Govern valencià, establí el reglament orgànic i funcional de la Conselleria d'Educació i Ciència, en el qual es confirma la continuïtat d'aquesta direcció general, s'estructuren els seus serveis i es delimiten les seues funcions.

Pel que fa als recursos econòmics per a la promoció de la llengua catalana en l'àmbit valencià, la Llei 6/1993, de 31 de desembre (DOGV núm. 2176, de 31 de desembre), de pressupostos de la Generalitat Valenciana per a 1994, destina la quantitat de 574.513.000 de ptes., aproximadament tres milions de pessetes menys que per a l'exercici anterior.

Quant a les disposicions aparegudes en el període comprés entre els mesos de juliol i desembre de 1993 al *Diari Oficial de la Generalitat Valen-*